



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000008

D^a PAULA DÍAZ TIE, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE CERDIDO (A CORUÑA)

CERTIFICO

Que o Pleno do Concello de Cerdido o día 04.07.2019 aprobou o seguinte acordo:

4.Recoñecemento de dedicación exclusiva e fixación das retribucións correspondentes . Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte:Dada a necesaria presenza da alcaldía para atender as responsabilidades e tarefas propias do cargo e atendendo o disposto no artigo 75, 75 bis e 75 ter da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local , e o artigo 13 do Real Decreto 1372/1986 de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais esta alcaldía propón ó pleno do concello a seguinte proposta:**Primeiro:** A retribución por dedicación exclusiva do cargo da alcaldía ascenderán a un total de 2600,00€ brutos mensual . Habrá dúas pagas extraordinarias , unha no mes de xuño e outra no mes de decembro polo importe dunha mensualidade que se devengaran de acordo coa normativa dos empregados públicos .Estas retribucións terán o seu incremento anual no mesmo porcentaxe que corresponda ós funcionarios deste Concello. Segundo: As retribucións percibidas serán incompatibles con calquera retribución con cargo ós presupostos das Administracións públicas e excluírá a percepción que se sinale para os membros da corporación por asistencias ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte. **Os membros do pleno por maioría dos asistente , prestou aprobación a proposta anterior .** Sete votos a favor dos concelleiros D^a Marina Tojeiro Martinez , D^a Rocio Martinez Martinez , D Cándido Eusebio Prieto Lago , D. David Prada Aneiros , D^aPatricia Santalla Pérez ,D. Cristian Carrodegua Graña , e o voto do Sr. Alcalde e dúas abastencións dos concelleiros D Alberto Javier Rey Paz , D^aMaria Amalia Díaz Rodriguez

E, para que conste aos efectos oportunos, redactase a presente certificación de orden e co visto e prace da Alcaldía en Cerdido e coas salvedades establecidas no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A secretaria

Paula Díaz Tie

O Alcalde

Benigno Galego Castro